



Ponte deume

BANDO

ORGANIZACIÓN DE ACTIVIDADES DE CARÁCTER FESTIVO NO NADAL

A Lei 9/2013, de 19 de decembro, do emprendemento e da competitividade económica de Galicia contempla no seu articulado, a regulación para a realización de espectáculos públicos e actividades recreativas, normativa á que, tal e como se ten indicado dende a Xunta de Galicia, está suxeita a realización de verbenas e festas populares.

Ante a chegada do periodo do nadal, no que se organizan actividades, mediante o presente FAISE SABER que para a realización de todo tipo de verbenas e festas populares débese ter tramitada a oportuna autorización, para a que existen uns modelos de solicitude que poderán recoller logo de poñerse en contacto coa Agrupación de Voluntarios de Protección Civil de Ponte deume no teléfono 647774796, onde se proporcionará a información precisa e necesaria para poder realizar estes eventos de carácter lúdico.

Do mesmo xeito, RECÓRDASE aos distintos establecementos, que deben axustar á súa actividade á licenza concedida e conforme aos horarios autorizados para o tipo de establecemento.

O que se comunica para xeral coñecemento.

Documento asinado dixitalmente por D. Bernardo Fernández Piñeiro, Alcalde-Presidente, á data sinalada na marxe.



RUA REAL, 13 - 15.600 PONTEDEUME (A CORUÑA)
CIF P-1507000 F -Nº REELL 01150695
TELÉFONO 981 43 30 54 - FAX 981 43 33 68 - www.pontedeume.gal